

Anxos Sumai

Anxos Sumai (Catoira, 1962) é documentalista, tradutora e escritora.

Colaboradora de distintas publicacións nos anos oitenta e noventa, a súa actividade literaria desenvólvese na rede dende o ano 2001 no portal: culturagalega.org, onde tivo as seccións "Anxos e diaños", con Roberto Ribao, e "Anxos da garda". Colaborou na segunda etapa da revista *Guía dos Libros Novos* coa sección "Hemisferio Oeste" (2003-2004). Entre os traballos de tradución destacan os *Diarios* de Syra Alonso.

Como narradora publicou *Anxos da garda* (2003) e *Melodía de días usados* (2005), en Editorial Galaxia. Obtivo o Premio Novos Valores da Narrativa Galega en 1985 e o segundo Premio no XI Concurso de Narracións Curtas Modesto R. Figueirido do Pedrón de Ouro, en 1986. En 2004 foi Premio da Crítica Galicia. En 2007 gañou o Premio de Xornalismo Literario e de Opinión Roberto Blanco Torres polo seu espazo de opinión "Somos perigosamente normais", emitido semanalmente no Diario Cultural da Radio Galega durante o 2006. Actualmente coordina a área de Documentación do Consello da Cultura Galega.

En 2007 recibiu o II Premio de Narrativa Breve Repsol pola obra *Así nacen as baleas*, publicada por Editorial Galaxia, e o Premio á Autora do Ano concedido polos membros da Asociación Galega de Editores. Por este mesmo libro obtivo o Premio San Clemente, concedido por rapaces de diversos institutos galegos.

Publica Perigosamente normais (Universidade de Santiago de Compostela, 2008) e *Fedya Sergéevich derreteuse de amor* (Augatinta, 2010)

Gañadora do Premio García Barros 2013 pola novela *A lúa da Colleita*, que foi además Premio fervenzas literarias. Mellor portada adultos 2013. Premio da Crítica Española para Narrativa en galego en 2014 e premio de narrativa da Asociación de escritoras i escritores en lingua galega 2014.